

1910 - 2010

CEN ANOS DE ANARCOSINDICALISMO

PROGRAMA DE ACTOS CONFEDERAIS

MADRID, 14, 15 E 16 DE XANEIRO DE 2010

**Xornadas Libertarias, e presentación do programa de actos e do Manifesto
"100 anos de Anarcosindicalismo"**

ZARAGOZA, 26 E 27 DE MARZO DE 2010

Xornadas de Acción Social: Anarcosindicalismo e Movementos Sociais

VALENCIA, 10, 11 E 12 DE XUÑO DE 2010

Xornadas Internacionais: Anarcosindicalismo e Internacionalismo

MÁLAGA, OUTUBRO DE 2010

Xornadas de Acción Sindical: Anarcosindicalismo e Autoxestión

BARCELONA, 17 DE DECEMBRO DE 2010

Xornada de Clausura do Centenario


DO 15 DE XANEIRO AO 15 DE FEBREIRO DE 2011

**Exposición
"100 ANOS DE ANARCOSINDICALISMO"**



www.fundacionssegui.org

www.cgt.org.es
www.rojoynegro.info



**100 AÑOS
DE ANARCOSINDICALISMO**

**100 ANYS
D' ANARCOSINDICALISME**

**100 URTEAK
ANARKOSINDIKALISMO**

**100 ANOS
ANARCOSINDICALISMO**



100 ANOS DE ANARCOSINDICALISMO (1910-2010) MANIFIESTO

Fai agora 100 anos, a iniciativa dun puñado de obreiros fixo que o mundo empezase a cambiar de base.

Conscientes de que a emancipación dos traballadores só podería realizarse pola acción directa dos mesmos traballadores, obreiros de todas condicións e oficios decidiron organizarse autónomamente como homes e mulleres libres e assumir o destino das súas vidas en comunidade á marxe de amos, gobernos e supersticiones.

Nacía así o movemento anarcosindicalista baixo as siglas históricas da Confederación Xeral de Traballo e a Confederación Nacional do Traballo, inspirado nos principios que dinamizaron a Primeira Internacional de Traballadores, a más democrática, humanista e revolucionaria expresión de autodeterminación política e social que coñeceron os tempos modernos.

E a experiencia demostrou que as súas loitas e ideais antiautoritarios foron os que promoveron as transformacións sociais más importantes e ambiciosas da historia. Refutando a cultura de submisión que predicaban as clases dirixentes, as oligarquías e a igrexa, combatendo sobre o terreo a intolerancia da burguesía depredadora, predicando co exemplo da súa solidariedade e disputando palmo a palmo ao totalita-

rismo en armas as conquistas con tanto sacrificio alcanzadas.

Adiantados ao seu tempo e pioneiros na denuncia dasinxustizas, foron anarcosindicalistas quen arrincaron das garras do capital a xornada laboral de 8 horas e quen coa súa loita fraternal lograron tras séculos de humillacións a equiparación social das mulleres, levando o seu ideario de revolución social plena, integral e libertaria por todo o mundo, e moi especialmente a América Latina, convertida desde entón no segundo fogar dese heroico proletariado militante.

Tamén foi a resistencia libertaria a que nun primeiro e crítico momento freou en seco a arremetida criminal das tropas mercenarias nazifascistas chamadas pola ditadura para someter ao pobo español e castigar o seu insolencia revolucionaria. Aínda hoxe, a revolución española de 1936-1939 asombra ao mundo e é universal a valoración daquela epopea popular como fito histórico. Mientras aquí, no propio escenario da desigual contenda, o revanchismo e a desmemoria cómplice continúan escatimando o legado ético daquelas xentes que levaban un mundo novo nos seus corazóns.

Por iso hoxe, ao cumplirse o centenario daquel fulgor que aínda ilumina a fecunda senda da liberdade e a solidariedade, desafiuados xa definitivamente funestos espellismos autocrácticos e estatalistas de poder que se revelaron rendidos compañeiros de viaxe da dominación e a explotación, os anarcosindicalistas volvémonos a autoconvocar para denunciar novas e insospeitadas ameazas que están pondo en perigo a existencia do planeta e a convivencia en dignidade e afirmar a nosa fe na humanidade traballadora e na derrota final da barbarie capitalista e os seus representantes.

Ao despuntar o Século XXI, convencidos de que a patria d@s oprimid@s é o mundo, a súa familia a humanidade, nós, homes e mulleres, novas e maiores, oriúndos e foráneos, enarboramos a insumisión, a paz e a palabra para chamar a romper as recentes e invisibles cadeas da servidume voluntaria.

Cando todo nas alturas conspira para afogar os berros contra a inxustiza establecida, anarcosindicalistas, sindicalistas revolucionarios, anarquistas, libertarios, anticapitalistas e anti-autoritarios, como depositarios da auténtica democracia de acción directa, afirmamos que nós somos o pobo e a súa rebeldía infinita, e recoñecemos a inmensa débeda contraída coas



xeracións que nos precederon na loita pola liberdade, a xustiza e a dignidade.

Porque o afán que guía a nosa anarquía representa a más alta expresión da orde.

Porque cando todo o pobo goberna, como pretende o ideal da verdadeira democracia, ningún manda, como persegue o anarquismo.

¡SAÚDE E LIBERDADE!!